

Bases do I CERTAME DE RELATO 'RAFAEL DIESTE'



Convoca O Arquivo das Trasnas

Obxecto

Poderá participar no certame calquera persoa que presente unha creación inédita en galego segundo a normativa da Real Academia Galega.

Prazo e lugar de presentación

Os textos presentaranse no enderezo de correo electrónico oarquivodastrasnas@gmail.com, cun documento en docx. co texto a concursar e un lema e con outro en PDF con lema, nome, apelidos, enderezo e teléfono de contacto da persoa participante.

O envío farase antes do 31 de maio ás 23:59h.



Modalidade

O concurso ten tema libre. A extensión dos textos presentados será de entre 15.000 e 20.000 caracteres.

Premio e xurado

O premio consistirá nun lote de libros anunciado na conta de Instagram do Arquivo das Trasnas, conformado grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, de Cuarto de Inverno e de Editorial Galaxia, e mais 150 euros coas retencións legais pertinentes.

O xurado estará conformado por tres membros: un deles en nome do Arquivo das Trasnas, outro elixido entre estudantes do Grao en Lingua e Literatura Galegas e outro elixido entre lectores.

Veredicto

O veredicto do xurado darase a coñecer durante o transcurso das Xornadas *Id a San Momed'* e anunciado a través de redes sociais. A organización resérvase o dereito de difundir os textos presentados a través de medios dixitais, así como dun libro en papel de carácter non venal, citando sempre as súas autorías.



Xacobeo 21-22

cuarto de inverno

